



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Resolución do 7 de agosto de 2014 pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de admitidos e excluídos ao proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (director/a da Área de Centros).

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, e de acordo co establecido no punto 6 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 4 de xullo de 2014 (Diario Oficial de Galicia número 137, do 21 de xullo), esta dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura do posto de persoal directivo - Director/a da Área de Centros- da Axencia Galega de Innovación.

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán de prazo ata o día 11 de agosto de 2014 (inclusive) para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse no Rexistro da Axencia Galega de Innovación (Rúa dos Feáns, nº 7, baixo, Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso deberá remitirse por fax ao seguinte número: 981 95 73 80, e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, copia da reclamación rexistrada.


De acordo co punto 6 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.es), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2014

O director da Axencia Galega de Innovación

Manuel Antonio Varela Rey





ANEXO

LISTA DE ADMITIDOS

ANO DA CONVOCATORIA: 2014

NOME DA CONVOCATORIA: Director/a da Área de Centros

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 21 de xullo (Num. 137)

DATA DO LISTADO: 7 de agosto de 2014

APELIDOS	NOME	NIF
Pazos Álvarez	Sonia	32665838L

